

ACTA NÚM. 5/2025.

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O
DÍA 18 DE XUÑO DE 2025.**

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,00 horas do día 18 de xuño de 2025, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde PABLO LAGO SANMARTÍN, co obxecto de celebrar sesión ordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:

PABLO LAGO SANMARTÍN. (PSG-PSOE).

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

-. PSG-PSOE:

SANDY MARIE CEBRAL GÓMEZ.
MARÍA ROSA ROMERO FARIÑA.
MARÍA GUARINA REY VÁZQUEZ.
JOSÉ ANTONIO VIDAL GONZÁLEZ.
CARLOS NOYA PEREIRA.

-. PP:

WALDO CARBALLO GARCÍA.
EMILIO JESÚS APARICIO PÉREZ.
TRINIDAD YOLANDA RICO RODRÍGUEZ.

-. BNG:

XOSÉ LUIS PENAS CORRAL.
TERESA A. ANDRADE CARRILLO.
FRUCTUOSO SOUTO CASTIÑEIRA.

Non asiste:

MARÍA FARIÑA BELLÓN.

Secretario: Javier Nieves González, secretario do concello.

Asiste o interventor do concello Luis Taboada Hervella.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 16.04.2025.

2º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 11.04.2025 AO 13.06.2025.

3º) DACIÓN DE CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE 2024.

4º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBRIGACIÓNS DE COMUNICACIÓN TRIMESTRAL DA CORPORACIÓN DA EXECUCIÓN DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE DE 2025.

5º) DACIÓN DE CONTA DE DECRETO DA ALCALDÍA DE DELEGACIÓNS ESPECIAIS NUN CONCELLEIRO.

6º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 3/2025.

7º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN DA BASE DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO NÚMERO 68.

8º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS: CRÉDITO EXTRAORDINARIO 2/2025.

9º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS: SUPLEMENTO DE CRÉDITO 1/2025.

10º) MOCIÓNS.

11º) ROGOS E PREGUNTAS.

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 16.04.2025.

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, preguntouse se algún membro do Pleno tiña que formular algunha observación ou reparo a acta da sesión anterior núm. 4/2025, do 16.04.2025.

Sometida a votación, o Pleno por unanimidade dos doce membros presentes acorda aprobala.

2º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 11.04.2025 AO 13.06.2025.

Pola alcaldía, de conformidade co artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e art. 22.2. a) da Lei 7/85, do 2 de abril, deuse conta da relación de decretos que de seguido se transcriben en extracto:

Nº Decreto	Data Sinatura	Asunto
00253/2025	11/04/2025	DECRETO DEVOLUCIÓN GARANTÍAS DEFINITIVAS UFD. DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A. EJERCICIO 2022
00254/2025	14/04/2025	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA PARA O DÍA 15/04/2025 ÁS 14:00 HORAS
00255/2025	15/04/2025	APROBACIÓN CERT. N.º 1 OBRA PROXECTO REFORMADO PAVIMENTACIÓN ACCESO A GOSENDE E OUTROS
00256/2025	16/04/2025	BAIXA SAF DEPENDENCIA EXPTE. 27/2023-D
00257/2025	16/04/2025	BAIXA SAF DEPENDENCIA EXPTE. 15/2020-D
00258/2025	16/04/2025	RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/16 CONTRATO
00259/2025	16/04/2025	RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/17
00260/2025	16/04/2025	RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/19 OMISIÓN
00261/2025	21/04/2025	DECRETO CORRECCIÓN ERROS PADRÓN ESCOLA DE MÚSICA 1º TRIMESTRE CURSO 2024/2025
00262/2025	21/04/2025	DECRETO PADRÓN ESCOLA DE MÚSICA 2º TRIMESTRE

		CURSO 2024/2025
00263/2025	22/04/2025	ACORDO DE INICIO DE EXPEDIENTE SANCIONADOR EN MATERIA DE TRÁFICO 99500000034968
00264/2025	22/04/2025	ACORDO DE INICIO 9BIS DE EXPEDIENTE SANCIONADOR EN MATERIA DE TRÁFICO NON IDENTIFICACIÓN CONDUCTOR 99500000034967
00265/2025	22/04/2025	DEVOLUCIÓN AVAIS UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A.
00266/2025	23/04/2025	REPOSICIÓN LEGALIDADE URBANÍSTICA POR MOR DA CONSTRUCCIÓN DUN PECHE NUNHA PARCELA SITA NO LUGAR DE GUIMARÁNS, O CASAL
00267/2025	23/04/2025	ALTA SAF DEPENDENCIA EXPTE. 09/2025-D
00268/2025	23/04/2025	ALTA SAF DEPENDENCIA EXPTE. 10/2025-D
00269/2025	23/04/2025	RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/20 (+3.000)
00270/2025	24/04/2025	ACEPTACIÓN CESIÓN GRATUITA DE TERREO PARA O CAMPO DE FÚTBOL DE BASTAVALES
00271/2025	25/04/2025	ALTA SAF DEPENDENCIA EXPTE. 11/2025-D
00272/2025	25/04/2025	ALTA SAF MUNICIPAL EXPTE. 12/2025-M
00273/2025	25/04/2025	RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/22 CONTRATO
00274/2025	25/04/2025	RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/21
00275/2025	28/04/2025	APROBACIÓN EXPEDIENTE CONTRATO DE SERVICIOS: ESCOLAS DEPORTIVAS 2025/2026.
00276/2025	28/04/2025	AMPLIACIÓN SAF EXPTE. 03/2025-D
00277/2025	28/04/2025	DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA DEFINITIVA
00278/2025	28/04/2025	ELEVACIÓN A DEFINITIVO ACORDO PLENARIO APROBACIÓN EMC 5 2025 (CRÉDITO EXTRAORDINARIO 1 2025)
00279/2025	28/04/2025	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA PARA O DÍA 29/04/2025 ÁS 14:00 HORAS
00280/2025	28/04/2025	DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS DEFINITIVAS
00281/2025	28/04/2025	DEVOLUCION DE FIANZA VIVENDA UNIFAMILIAR
00282/2025	28/04/2025	DEVOLUCIÓN DE FIANZA VIVENDA UNIFAMILIAR
00283/2025	28/04/2025	SUBVENCIÓN PARA MINIMIZAR PERDAS DE AUGA
00284/2025	28/04/2025	SUBVENCIÓN PARA MINIMIZAR PERDAS DE AUGA
00285/2025	30/04/2025	MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 6/2025 (XERACIÓN DE CRÉDITO 3/2025)
00286/2025	30/04/2025	ACORDO DE INICIO DE EXPEDIENTE SANCIONADOR EN MATERIA DE TRÁFICO 99500000035063
00287/2025	30/04/2025	DECRETO DE RECOÑECIMIENTO DE TRIENIOS A FAVOR DO PERSOAL MUNICIPAL. ABRIL 2025.
00288/2025	30/04/2025	APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE NÓMINA. ABRIL 2025.
00289/2025	30/04/2025	ALTAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE ABRIL DE 2025
00290/2025	30/04/2025	BAIXAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE ABRIL DE 2025
00291/2025	30/04/2025	AXUDICACIÓN CONTRATO MENOR DE SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL DO CONCELLO
00292/2025	30/04/2025	AXUDICACIÓN CONTRATO MENOR DE SUBMINSTRO DE 4 FOTOCOPIADORAS KONICA MINOLTA C458
00293/2025	30/04/2025	CANON CONTRATO CONCESIÓN DE SERVICIOS DE CAFÉ-

		BAR NO CENTRO SOCIAL POLIVALENTE - ABRIL 2025
00294/2025	02/05/2025	CORRECCIÓN DE ERROS NO DECRETO 291/2025. ADXUDICACIÓN CONTRATO MENOR DE SEGURO DE RC DO CONCELLO
00295/2025	02/05/2025	RESOLUCIÓN PRIMEIRAS ALEGACIÓNS EXPEDIENTE SANCIONADOR EN MATERIA DE TRÁFICO 957/2025
00296/2025	02/05/2025	PADRÓN ACTIVIDADES DE PREVENCIÓN-INSERCIÓN 3º TRIMESTRE CURSO 2024/2025
00297/2025	02/05/2025	ADXUDICACIÓN CONTRATO MENOR SERVICIOS DE DELEGADO E CONSULTORIA DE PROTECCIÓN DE DATOS
00298/2025	05/05/2025	ALTA SAF DEPENDENCIA EXPTE.13/2025-D
00299/2025	05/05/2025	DECRETO ERRADO NON VÁLIDO
00300/2025	05/05/2025	APROBACIÓN EXPTE CONTRATACIÓN SERVICIOS: ESCOLAS CULTURAIS 2025/2026
00301/2025	05/05/2025	RESOLUCIÓN SANCIONADORA EXPEDIENTE SANCIONADOR EN MATERIA DE TRÁFICO 99500000035125
00302/2025	05/05/2025	BAIXA DEFINITIVA POR INSCRIPCIÓN INDEBIDA VARIAS PERSOAS
00303/2025	06/05/2025	DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA DEFINITIVA. PROYECON GALICIA S.A.
00304/2025	06/05/2025	PADRÓN DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA DA VÍA PÚBLICA PARA FACILITAR A ENTRADA A GARAXES PARTICULARES 2024
00305/2025	06/05/2025	APROBACIÓN DO PROCEDEMENTO PARA A XESTIÓN DA CONVOCATORIA DE PRAZAS CONCILIA VERÁN 2025
00306/2025	07/05/2025	BAIXA DO RECIBO DO LIXO CON NÚMERO FIXO 253000461891
00307/2025	07/05/2025	BAIXA DO RECIBO DO LIXO CON NÚMERO FIXO 253000461617
00308/2025	07/05/2025	ACORDO DE INICIO DE EXPEDIENTE SANCIONADOR EN MATERIA DE TRÁFICO 99500000035153
00309/2025	07/05/2025	DECRETO DEVOLUCIÓN DE AVAL. COMFICA SOLUCIONES INTEGRALES, S.A.
00310/2025	07/05/2025	BAIXA EN XANTAR A DOMICILIO DE J. M. C. P.
00311/2025	08/05/2025	APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN DAS BASES DE SELECCIÓN DA PRAZA TÉCNICO DE DEPORTES OEP 2024.
00312/2025	09/05/2025	DECRETO RECIBOS LIXO
00313/2025	09/05/2025	APROBACIÓN DEFINITIVA DO PADRÓN FISCAL CONXUNTO DAS TAXAS POLOS SERVICIOS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA, SANEAMENTO, DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS E CANON DA AUGA, CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE DE 2025
00314/2025	09/05/2025	RECIBOS LIXO
00315/2025	09/05/2025	LIQUIDACIÓN TAXA ANUNCIO NO DOG
00316/2025	12/05/2025	RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/25
00317/2025	12/05/2025	RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/24 CONTRATO
00318/2025	12/05/2025	RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/26 (+3.000)
00319/2025	12/05/2025	CONVOCATORIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA PARA O DÍA 13/05/2025, ÁS 13:00 HORAS
00320/2025	12/05/2025	PADRÓN ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL MAIO
00321/2025	12/05/2025	AMPLIACIÓN SAF EXPTE. 07/2025-M E COMUNICACIÓN DE COPAGO

00322/2025	12/05/2025	PADRÓN SERVIZO AXUDA NO FOGAR ABRIL
00323/2025	13/05/2025	APROBACIÓN DEFINITIVA DO PADRÓN DO LIXO 2025
00324/2025	13/05/2025	CONVENIO ENTRE O MINISTERIO DO INTERIOR E O CONCELLO DE BRIÓN PARA O CUMPRIMENTO DE PENAS DE TRABALLO EN BENEFICIO DA COMUNIDADE
00325/2025	13/05/2025	APROBACIÓN DAS AUTOLIQUIDACIÓNS TRIBUTARIAS ABRIL 2025. MOD. IRPF 111, 115 E IVE 303
00326/2025	14/05/2025	ACORDO DE INICIO DE EXPEDIENTE SANCIONADOR EN MATERIA DE TRÁFICO 99500000035222
00327/2025	14/05/2025	RESOLUCIÓN PRIMEIRAS ALEGACIÓNS EXPEDIENTE SANCIONADOR EN MATERIA DE TRÁFICO 1145/2025
00328/2025	15/05/2025	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR POLA OBRA DE SUBSTITUCIÓN DA TARIMA DA SALA DE EXPOSICIÓNS.
00329/2025	15/05/2025	EMERXENCIA MUNICIPAL_04/2025_C. B. A. R.
00330/2025	15/05/2025	COMPRA MUNICIÓN PARA A POLICÍA LOCAL
00331/2025	16/05/2025	MODIFICACIÓN DO DECRETO 330/2025 COMPRA MUNICIÓN PARA A POLICÍA LOCAL
00332/2025	19/05/2025	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR POLA OBRA DE IMPERMEABILIZACIÓN DA ESCALEIRA DA PRAZA DO CONCELLO.
00333/2025	19/05/2025	APROBACIÓN CERT. N.º 2 OBRA AMPLIACIÓN DO PAVILLÓN MUNICIPAL DE DEPORTES
00334/2025	19/05/2025	APROBACIÓN CERT. N.º 3 OBRA AMPLIACIÓN DO PAVILLÓN MUNICIPAL DE DEPORTES
00335/2025	19/05/2025	APROBACIÓN CERT. N.º 2 OBRA: SENDA ALDEA DE CANTALARRANA A ALDEA O CABO
00336/2025	19/05/2025	APROBACIÓN CERT. N.º 3 OBRA SENDA ALDEA DE CANTALARRANA A ALDEA O CABO
00337/2025	19/05/2025	APROBACIÓN CERT. N.º 3 OBRA ACONDICIONAMENTO AC-543 PP.QQ. 8+390 AO 9+870.
00338/2025	19/05/2025	APROBACIÓN CERT. N.º 4 OBRA ACONDICIONAMENTO AC-543 PP.QQ. 8+390 AO 9+870.
00339/2025	19/05/2025	APROBACIÓN CERT. N.º 2 PROXECTO REFORMADO DO DE PAVIMENTACIÓN DE ACCESO A GOSENDE E OUTROS.
00340/2025	19/05/2025	APROBACIÓN CERT. N.º 1 OBRA SENDA EN ALDEA CHAVE DE PONTE. POS+ ADICIONAL 2/2024, 1ª FASE.
00341/2025	20/05/2025	ACORDO DE INICIO DE EXPEDIENTE SANCIONADOR EN MATERIA DE TRÁFICO 99500000035317
00342/2025	21/05/2025	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO DE ROUPA DE TRABALLO PARA O GES
00343/2025	21/05/2025	HABILITACIÓN TESOUREIRA MUNICIPAL POR ILT.
00344/2025	21/05/2025	BAIXA DO RECIBO DO LIXO CON NÚMERO FIXO 253000565934
00345/2025	21/05/2025	MODIFICACIÓN DA AUTORIZACIÓN DO GASTO DO CONTRATO MENOR DE SEGURO DE R.C. DO CONCELLO
00346/2025	21/05/2025	CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE OCIO E TEMPO LIBRE (CAMPAMENTOS DE VERÁN) 2025
00347/2025	22/05/2025	SOLICITUDE SUBVENCIÓN PARA INFILTRACIÓN NA REDE DE SANEAMENTO
00348/2025	22/05/2025	INSCRICIÓN NO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS DA ASOCIACIÓN CULTURAL GRUPO DE ACCIÓN PATRIMONIAL DE BRIÓN
00349/2025	23/05/2025	BAIXA SAF DEPENDENCIA_EXPTTE. 08/2022

00350/2025	23/05/2025	ALTA TARXETA DE ESTACIONAMENTO N.º 206
00351/2025	23/05/2025	BAIXA SAF DEPENDENCIA_EXPTE. 04/2025-D
00352/2025	26/05/2025	AMPLIACIÓN SAF EXPTE.11/2020-D
00353/2025	26/05/2025	RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/28 CONTRATO
00354/2025	26/05/2025	RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/23 OMISIÓN
00355/2025	26/05/2025	RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/29
00356/2025	27/05/2025	DECRETO DIETAS E LOCOMOCIÓN PERSOAL - ATA MAIO 2025
00357/2025	27/05/2025	CONTRATACIÓN OFICIAL I- CONDUTOR DA OEP 2024.
00358/2025	27/05/2025	CLASIFICACIÓN DE OFERTAS E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN EN CONTRATO DE REFORZO NA MOBILIDADE SOSTIBLE E NO MERCADO GASTRONÓMICO (CONVENIO TURISMO GDR).
00359/2025	27/05/2025	ACORDO DE INICIO DE EXPEDIENTE SANCIONADOR EN MATERIA DE TRÁFICO 99500000035394
00360/2025	27/05/2025	APROBACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN LIMPEZA CEIP DE PEDROUZOS
00361/2025	27/05/2025	AUTORIZACIÓN DE CESIÓN DE USO EN PRECARIO DO ESPAZO COLABORATIVO "TRANSFORMANDO BRIÓN" SITO NO CENTRO COMERCIAL DE MONTEBALADO (BRIÓN) Á ASOCIACIÓN DARREDOR DE BRIÓN
00362/2025	28/05/2025	RENUNCIA AO POSTO DE TRABALLO DUN PEÓN GES.
00363/2025	28/05/2025	APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE NÓMINA. MAIO 2025.
00364/2025	30/05/2025	CANON CONTRATO CONCESIÓN DE SERVIZOS DE CAFÉ-BAR NO CENTRO SOCIAL POLIVALENTE - MAIO 2025
00365/2025	30/05/2025	SOLICITUDE SUBVENCIÓN AO ABEIRO DA INTERVENCIÓN LEADER 2025
00366/2025	30/05/2025	ALTAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE MAIO DE 2025
00367/2025	30/05/2025	ADXUDICACION PROVISIONAL DE PRAZAS ESCOLA INFANTIL - CURSO 2025/26
00368/2025	30/05/2025	BAIXAS NO PADRÓN DE HABITANTES MES DE MAIO DE 2025
00369/2025	30/05/2025	RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/31
00370/2025	30/05/2025	RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/30 CONTRATO
00371/2025	30/05/2025	PAGO PUBLICACIÓN BOP ANUNCIO APROBACIÓN INICIAL ORZAMENTO 2024 E MODIFICACIÓN Nº 4
00372/2025	02/06/2025	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO REFORZO NA MOBILIDADE SOSTIBLE E EN MERCADO GASTRONÓMICO.
00373/2025	02/06/2025	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA PARA O DÍA 03/06/2025 ÁS 14:00 HORAS
00374/2025	02/06/2025	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO POLO SERVIZO DE ASESORAMENTO XURÍDICO EN MATERIA DE PERSOAL
00375/2025	03/06/2025	MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 7/2025 POR XERACIÓN DE CRÉDITO 4/2025
00376/2025	03/06/2025	ACORDO DE INICIO DE EXPEDIENTE SANCIONADOR EN MATERIA DE TRÁFICO 99500000035457
00377/2025	03/06/2025	ACORDO DE INICIO 9BIS DE EXPEDIENTE SANCIONADOR EN MATERIA DE TRÁFICO NON IDENTIFICACIÓN CONDUCTOR 99500000035456
00378/2025	03/06/2025	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS DE CONCILIACIÓN 2025

00379/2025	04/06/2025	ALTA TARXETA DE ESTACIONAMENTO Nº207
00380/2025	04/06/2025	APROBACIÓN DAS AUTOLIQUIDACIÓNS TRIBUTARIAS MAIO 2025. MOD. IRPF 111, 115 E IVE 303
00381/2025	04/06/2025	APROBACIÓN DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO POS + ADICIONAL 2/2025 DA DEPUTACIÓN.
00382/2025	05/06/2025	LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2024
00383/2025	05/06/2025	CONTRATACIÓN ACTUACIÓNS REDE CULTURAL DA DEPUTACIÓN 2025
00384/2025	05/06/2025	ALTA TARXETA DE ESTACIONAMENTO Nº 208
00385/2025	05/06/2025	CONVOCATORIA DA COMISIÓN INFORMATIVA EXTRAORDINARIA DE SERVIZOS DO 10.06.2025, ÁS 13:00H.
00386/2025	06/06/2025	APROBACIÓN BASES APROL RURAL 2025
00387/2025	09/06/2025	BAIXA SAF EXPTE.03/2025-D
00388/2025	09/06/2025	CONVOCATORIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA PARA O DÍA 10.06.25 ÁS 14:00 HORAS
00389/2025	09/06/2025	CONTRATO MENOR PARA O SERVIZO DE ACTIVIDADES DE VERÁN PARA MAIORES 2025
00390/2025	10/06/2025	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR DA OBRA DE SOMBREADO NATURAL DAS RÚAS E PRAZAS DE BRIÓN.
00391/2025	10/06/2025	EMERXENCIA MUNICIPAL_05/2025_ D. C. R.
00392/2025	11/06/2025	DECRETO DE CONTRATACIÓN PERSOAL PEL 2025
00393/2025	11/06/2025	DELEGACIÓNS ESPECIAIS DA ALCALDÍA EN CONCELEIRO.
00394/2025	11/06/2025	ALTA TARXETA DE ESTACIONAMENTO Nº 209
00395/2025	11/06/2025	APROBACIÓN DE LISTADOS DEFINITIVOS DE CONCILIA VERÁN 2025
00396/2025	12/06/2025	CONVOCATORIA DA COMISIÓN INFORMATIVA ORDINARIA ESPECIAL DE CONTAS (PERMANENTE DE FACENDA) DO 17.06.2025, ÁS 13:00H.
00397/2025	12/06/2025	ADXUDICACION DEFINITIVA DE PRAZAS ESCOLA INFANTIL - CURSO 2025/26
00398/2025	13/06/2025	CONVOCATORIA DO PLENO ORDINARIO DO 18.06.2025, ÁS 13:00H.

O Pleno toma coñecemento.

3º) DACIÓN DE CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE 2024.

Dada conta do expediente de aprobación da liquidación do orzamento do concello de 2024 aprobada por resolución da alcaldía do 05.06.2025, que transcrita di:

ASUNTO: Liquidación do orzamento do exercicio 2024.

EXPEDIENTE: 2025/G003/000409.

ANTECEDENTES:

Confeccionada a Liquidación do Orzamento Municipal do 2024, de conformidade coa normativa de aplicación, e especialmente coas seguintes disposicións:

- Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, art.191 a 193.
- Real Decreto 500/90 de 20 de abril; art. 89 a 105.
- Orde EHA/3565/2008, pola que establece a estrutura dos Orzamentos das Entidades Locais.
- Orde EHA/1781/2013, de 20 de setembro, aproba a Instrución Modelo Normal de Contabilidade Local.
- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEPSF).
- Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da estabilidade orzamentaria, na súa aplicación as Entidades Locais (Regulamento).

Emitido o informe preceptivo pola Intervención Municipal en data 05 de xuño do 2025 de conformidade co establecido no art. 90.1 do RD 500/1990, de 20 de abril e do art. 191.3 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por RD Lexislativo de 5 de marzo, así como o informe de avaliación da estabilidade orzamentaria, regra de gasto e límite de débeda en data 05 de xuño de 2025.

En virtude das competencias que me confire a normativa e de acordo co establecido nas Bases de Execución do Orzamento Municipal, pola presente RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a liquidación do orzamento do Concello de Brión correspondente ao exercicio de 2024, que ten os seguintes resultados:

LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS:

- Créditos iniciais: 7.771.316,63 euros.
- Modificacións de créditos: 4.246.206,20 euros.
- Créditos definitivos: 12.017.522,83 euros.
- Obrigas recoñecidas netas: 8.695.867,77 euros
- Pagos netos: 8.635.623,77 euros.
- Remanentes de crédito: 3.321.655,06 euros.

LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS:

- Previsións iniciais: 7.771.316,63 euros.
- Modificación das previsións: 4.246.206,20 euros.
- Previsións definitivas: 12.017.522,83 euros.
- Dereitos recoñecidos netos: 8.754.160,67 euros.
- Recadación neta: 8.271.976,73 euros.

Remanente de Tesouraría:

A. (+) Dereitos pendentes de cobro a 31/12/2024:

- Dereitos pendentes de cobro do orzamento corrente.
- Dereitos pendentes de cobro de orzamentos pechados.
- Dereitos pendentes de cobro correspondentes a contas de debedores que no sexan orzamentarios.

DEREITOS PENDENTES DE COBRO: 816.141,58 euros.

B. (-) Obrigas pendentes de pago a 31/12/2024:

- Obrigas pendentes de pago do orzamento corrente.
- Obrigas pendentes de pago de orzamentos pechados.
- Obrigas pendentes de pago correspondentes a contas de acredores que no sexan orzamentarios.

OBRIGAS PENDENTES DE PAGO: 286.413,80 euros.

C. (+) Fondos líquidos a 31/12/2024:

- Saldos dispoñibles en caixas de efectivo e contas bancarias.
- Inversións temporais en que se haxan materializado os excedentes temporais de tesourería que non teñan carácter orzamentario.

FONDOS LÍQUIDOS: 3.667.532,75 euros.

D. (-) Partidas pendentes de aplicación definitiva a 31/12/2024:

- (-) Cobros realizados Pendentes de Aplicación Definitiva.
- (+) Pagos realizados Pendentes de Aplicación Definitiva.

PARTIDAS PENDENTES DE APLICACIÓN: -9.431,71 euros.

TOTAL REMANENTE DE TESOURERÍA: 4.187.828,82 euros.

DEREITOS PENDENTES DE COBRO DE DIFÍCIL OU IMPOSIBLE RECADACIÓN: 310.157,54 euros.

EXCESO DE FINANCIAMENTO AFECTADO: 70.018,46 euros.

TOTAL RT GASTOS XERAIS: 3.807.652,82 euros.

Resultado orzamentario:

- (+) Dereitos recoñecidos netos: 8.754.160,67 euros.
- (-) Obrigas recoñecidas netas: 8.695.867,77 euros.

TOTAL RESULTADO ORZAMENTARIO: 58.292,90 euros.

(+) GASTOS FINANCIADOS RLTX: 1.424.837,72 euros.

(-) DESV. POSITIVAS FINANCIAMENTO: 475.224,98 euros.

(+) DESV. NEGATIVAS FINANCIAMENTO: 190.674,87 euros.

TOTAL RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO: 1.198.580,51 euros.

SEGUNDO.- Dar conta ao Pleno na primeira sesión ordinaria que se celebre trala aprobación da citada liquidación e remitir copia do expediente á Administración Xeral do Estado e á Comunidade Autónoma.

E dada conta igualmente do informe de intervención de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, da regra do gasto e do límite de débeda, con motivo da aprobación da liquidación do orzamento de 2024, de data 05.06.2025, que sinala en resumo que: A liquidación do orzamento do concello do exercicio 2024 cumpre o obxectivo de estabilidade orzamentaria, cumpre o obxectivo da regra de gasto, e o nivel de débeda está por debaixo do 110% dos ingresos correntes, límite previsto segundo o artigo 53 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e por debaixo tamén do 75% límite que establece a Disposición Adicional 74 da LPXE para 20214.

O Pleno toma coñecemento.

4º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBRIGACIÓNS DE COMUNICACIÓN TRIMESTRAL DA CORPORACIÓN DA EXECUCIÓN DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE DE 2025.

Dada conta da información remitida por vía telemática con anterioridade por intervención ao Ministerio de Facenda en cumprimento do art. 16 da Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, referente á avaliación da estabilidade e da regra do gasto correspondente ao 1º trimestre de 2025, mediante a súa posta a disposición desde a convocatoria da sesión plenaria, o Pleno toma coñecemento.

5º) DACIÓN DE CONTA DE DECRETO DA ALCALDÍA DE DELEGACIÓNS ESPECIAIS NUN CONCELLEIRO.

Dada conta do decreto da alcaldía do 11.06.2025, que transcrito di:

Considerando que, de acordo co previsto no art. 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en adiante LBRL) “o alcalde pode delegar o exercicio das súas atribucións (...)” e que consonte ao art. 23.4 da LBRL “o alcalde pode delegar o exercicio de determinadas atribucións nos membros da Xunta de Goberno Local e, onde esta non exista, nos tenentes de alcalde, sen prexuízo das delegacións especiais que, para cometidos específicos, poida realizar en favor de calquera concelleiro, aínda que non pertencieran a aquela”.

Considerando o disposto nos artigos 43 e 44 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), ao abeiro das competencias desta alcaldía, resolvo:

1º) Conferir delegación especial das atribucións desta alcaldía no concelleiro Waldo Carballo García, que comprenderá a dirección e xestión dos seguintes proxectos ou asuntos, sen a facultade de ditar actos administrativos que afecten a terceiros:

1. Na Agrupación de Concellos da Ruta Rosaliana “As Pegadas de Rosalía”.
2. No Padroado da Fundación Refuxio de Animais de Bando.

2º) Notificar esta resolución ao concelleiro designado.

3º) Dispor a publicación desta resolución no BOP da Coruña e dar conta ao Pleno na primeira sesión que celebre.

O Pleno toma coñecemento.

6º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 3/2025.

Dada conta da proposta da alcaldía do 06.06.2025, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas (Permanente de Facenda) en sesión do 17.06.2025, que transcrita di:

Vista a existencia de facturas correspondentes a diversos subministros e servizos prestados en anos anteriores ao 2025, que non puideron ser aplicados ao exercicio orzamentario que correspondían, porque foron presentadas no Rexistro municipal de entrada no mes de xaneiro, febreiro e abril de 2025.

Considerando a efectiva realización do servizo por parte do terceiro acredor, constando factura acreditativa de cada un dos gastos.

Esta Alcaldía, tramitou o correspondente expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos para aprobar as facturas (relacionadas no anexo adxunto a este expediente), emitíndose o informe de Intervención con data 6 de xuño de 2025, onde consta que en aplicación do artigo 60.2 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, o recoñecemento de obrigas correspondentes a exercicios anteriores que, por calquera causa, non se recoñeceron naquel exercicio ao que correspondían, é competencia do Pleno da Corporación.

Por tanto, en aplicación do devandito do artigo 60.2 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, e previo informe da Comisión Informativa Especial de Contas (Permanente de Facenda), propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar e dispoñer os gastos e o recoñecemento das obrigas correspondentes a exercicios anteriores e derivadas das facturas e liquidacións que se relacionan a continuación, por un importe total de DEZASETE MIL SEISCENTOS VINTE E TRES EUROS CON OITENTA E CINCO CÉNTIMOS (17.623,85 euros) con cargo ás aplicacións orzamentarias indicadas do orzamento vixente:

RELACIÓN F/2025/27

Nº de Entrada	Data	Importe Total	Desconto	Importe líquido	Terceiro	Nome	Texto Explicativo	Aplic.
F/2025/246	23/01/2025	45,39	0,00	45,39	B06290241	VITALY HEALTH SERVICES, S.L.	FRA Nº IF2501-03584; RECOÑECEMENTO MEDICO O 11.12.2024	2025 920 22699
F/2025/521	17/02/2025	546,98	0,00	546,98	A61797536	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A.	FRA Nº PI25142000061114; SUBMINISTRO ELECTRICOS PEDROUZOS 7 GES PERIODO 02.12.2024 A 01.01.2025	2025 135 22100
F/2025/594	28/02/2025	45,39	0,00	45,39	B06290241	VITALY HEALTH SERVICES, S.L.	FRA Nº IF2502-10623; RECOÑECEMENTO MEDICO PERSOAL OUTUBRO 2024	2025 920 22699
F/2025/959	06/04/2025	138,29	0,00	138,29	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	FRA Nº FE25137005300340; SUBMINISTRO ELECTRICOS LG/SABAXANS 0060 LD PISCINA - PERIODO 02.12.2024 A 01.01.2025	2025 340 22100

F/ 2025/997	06/04/2025	76,76	0,00	76,76	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	FRA FE25137004962957; SUBMINISTRO ELECTRICO LG/ARDIONS 9700 ALPUBL - PERIODO 28.11.2024 A 31.12.2024	Nº 2025 165 22100
F/ 2025/1078	15/04/2025	2.555,01	0,00	2.555,01	A08431090	NATURGY IBERIA	FRA FE25321491978408; SUBMINISTRO ELECTRICO PS MONTE DEVESA 9020 ALPUBL - PERIODO 01.12.2024 A 31.12.2024	Nº 2025 165 22100
F/ 2025/1081	15/04/2025	1.650,31	0,00	1.650,31	A08431090	NATURGY IBERIA	FRA FE25321491978407; SUBMINISTRO ELECTRICO PS SOUTULLOS 7 ALPUBL - PERIODO 01.12.2024 A 31.12.2024	Nº 2025 165 22100
F/ 2025/1083	15/04/2025	236,33	0,00	236,33	A08431090	NATURGY IBERIA	FRA FE24321490880175; SUBMINISTRO ELECTRICO PS PEDROUZOS 9877 ALPUBL - PERIODO 01.11.2024 A 30.11.2024	Nº 2025 165 22100
F/ 2025/1084	15/04/2025	1.151,51	0,00	1.151,51	A08431090	NATURGY IBERIA	FRA FE24321490685961; SUBMINISTRO ELECTRICO PS SOUTULLOS 7 ALPUBL - PERIODO 01.11.2024 A 30.11.2024	Nº 2025 165 22100
F/ 2025/1085	15/04/2025	1.782,06	0,00	1.782,06	A08431090	NATURGY IBERIA	FRA FE25321491978410; SUBMINISTRO ELECTRICO PS PEDROUZOS 9700 CEIP - PERIODO 01.12.2024 A 31.12.2024	Nº 2025 323 22100
F/ 2025/1087	15/04/2025	2.211,73	0,00	2.211,73	A08431090	NATURGY IBERIA	FRA FE25321491978409; SUBMINISTRO ELECTRICO PS SANTA MINIA 70 ALPUBL - PERIODO 01.12.2024 A 31.12.2024	Nº 2025 165 22100
F/ 2025/1088	15/04/2025	355,05	0,00	355,05	A08431090	NATURGY IBERIA	FRA FE25321492118004; SUBMINISTRO ELECTRICO PS PEDROUZOS 9877 ALPUBL - PERIODO 01.12.2024 A 31.12.2024	Nº 2025 165 22100
F/ 2025/1089	15/04/2025	1.785,78	0,00	1.785,78	A08431090	NATURGY IBERIA	FRA FE24321490685965; SUBMINISTRO ELECTRICO PS PEDROUZOS 9700 CEIP - PERIODO 01.11.2024 A 30.11.2024	Nº 2025 323 22100
F/ 2025/1090	15/04/2025	1.551,23	0,00	1.551,23	A08431090	NATURGY IBERIA	FRA FE24321490685964; SUBMINISTRO	Nº 2025 165 22100

							ELECTRICO PS SANTA MINIA 70 ALPUBL - PERIODO 01.11.2024 A 30.11.2024	
F/ 2025/109 2	15/04/2025	1.846,76	0,00	1.846,76	A08431090	NATURGY IBERIA	FRA N° FE24321490685962; SUBMINISTRO ELECTRICO PS MONTE DEVESA 9020 ALPUBL - PERIODO 01.11.2024 A 30.11.2024	2025 165 -22100
F/ 2025/112 6	22/04/2025	1.645,27	202,13	1.443,14	07221271F	ESPIÑEIRA SOTO INMACULADA	FRA N° AA-0002954; GASTOS NOTARIAIS COMPRAVENTA FINCA	2025 920 22604
TOTAL		17.623,85	202,13	17.421,72				

Asemade, aprobar e dispoñer os gastos e recoñecer a obriga correspondente á liquidación definitiva da achega correspondente ao Convenio de colaboración subscrito entre o Concello de Brión e a Dirección Xeral de Mobilidade, para a posta en marcha do Plan de transporte metropolitano, anualidade de 2024, calculada de acordo cos datos de mobilidade correspondentes ao exercicio 2023, por importe de 13.905,83 €.

Segundo.- Imputar estas obrigas con cargo aos créditos correntes das aplicacións orzamentarias do orzamento vixente.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (6), PP (3) e BNG (3).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

7º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN DA BASE DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO NÚMERO 68.

Dada conta da proposta da alcaldía do 11.06.2025, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas (Permanente de Facenda) en sesión do 17.06.2025, que transcrita di:

ASUNTO: Modificación da Base de execución do orzamento número 68, de cara a aprobación dunha nova dedicación parcial para o exercicio 2025.

1. NORMATIVA APLICABLE.

- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. (TRLRHL), no seu título VI, capítulo I, sección I, que leva por rúbrica "Contido e aprobación dos orzamentos", abarcando os artigos 162 a 171.
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo I do título VI da antiga lei 39/1988, hoxe TRLRHL, nos seus artigos 2 a 23.

2. MODIFICACIÓNS PROPOSTAS:

BASE 68ª RETRIBUCIÓN E INDEMNIZACIÓN DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN

1. Aqueles membros da Corporación que desenvolvan as súas actividades en réxime de dedicación exclusiva ou parcial percibirán as retribucións brutas que se acorden polo Pleno da Corporación, sen prexuízo de ser indemnizados polos gastos ocasionados polo exercicio do cargo. Se establece o seguinte réxime de retribucións:

1.1. Alcaldía (dedicación exclusiva): Importe bruto anual (14 mensualidades): 49.000,00 euros. As retribucións percibiranse en catorce pagas, doce correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e as dúas restantes correspondentes ás mensualidades de xuño e decembro.

1.2. Dedicación parcial. O importe das retribucións brutas será o seguinte:

Cargos	Importe bruto anual (14 mensualidades)	Importe bruto mensual	Grao de responsabilidade
Concelleiro delegado de Deportes, Seguridade Cidadá, Policía Municipal, Protección Civil, Sinalización e Festas	14.000,00 euros	1.000,00 euros	Dedicación parcial (25 horas semanais)
Concelleira delegada de Biblioteca, Cultura e Actividades Extraescolares	8.400,00 euros	600,00 euros	Dedicación parcial (15 horas semanais)
Concelleira delegada de Turismo, Patrimonio, Promoción Económica, Emprego, e Asociación Terras de Compostela	8.400,00 euros	600,00 euros	Dedicación parcial (15 horas semanais)
Presidencia por delegación da Comisión especial de Contas (permanente de facenda). Dirección e xestión de asuntos na Agrupación de Concellos da Ruta Rosaliana. Dirección e xestión de asuntos no Padroado da Fundación Refuxio de animais de Bando.	8.400,00 euros	600,00 euros	Dedicación parcial (15 horas semanais)

As retribucións percibiranse en catorce pagas, doce correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e as dúas restantes correspondentes ás mensualidades de xuño e decembro, e levan aparellado os custes sociais correspondentes.

2. Os gastos de locomoción que se produzan como consecuencia de desprazamentos por comisión de servizos ou xestións oficiais dispostas pola Corporación, polo Alcalde ou por outros órganos competentes serán indemnizadas polo importe do billete ou pasaxe utilizado previa a presentación dos correspondentes xustificantes. A indemnización que se percibirá como gasto de viaxe polo uso do vehículo particular será de 0,26 euros por quilómetro recorrido.

3. Os membros da Corporación terán dereito a ser indemnizados mediante dietas polo importe establecido para o Grupo I no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio.

4. No que se refire a indemnizacións, os membros da Corporación que non desempeñen cargos en réxime de dedicación exclusiva nin dedicación parcial percibirán, pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte, as asistencias que se indican de seguido:

- Asistencia a Plenos e Comisións informativas: 100,00 euros por cada asistencia efectiva.

- Asistencia a Xuntas de Goberno: 125,00 euros por cada asistencia efectiva.

En caso de que nun mesmo día se celebren dúas ou máis sesións, só se recoñecerá a obriga ó pago do importe correspondente a unha única sesión, a de maior importe. No obstante si estas tivesen lugar en horario de mañá e máis en horario de tarde, recoñecerase a obriga de pago por cada unha das sesións.

Aos efectos de xustificar o dereito ao cobro das indemnizacións, por asistencias ás sesións do Pleno, Xunta de Goberno e Comisións, polos membros da corporación, por parte da secretaría do Concello emitirase un certificado por cada sesión celebrada no que deberase acreditar a asistencia ou non ás mesmas.

Por todo o anterior, procede elevar a seguinte

Proposta de resolución:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación da base 68 das de execución do orzamento para 2025.

Segundo.- Que se expoña anuncio no taboleiro de anuncios do Concello durante 15 días dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. O citado anuncio publicarase no Boletín Oficial da Provincia. Rematado o período de exposición pública, o Pleno da Corporación adoptará os acordos definitivos que procedan, resolvendo as reclamacións que se presentasen, co mesmo quórum requirido para a aprobación provisional. Caso de non presentarse reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de novo acordo plenario; a modificación da Base de execución entrará en vigor ó día seguinte ó da súa publicación no BOP.

Debate:

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que o que vou dicir non é a nivel persoal, porque teño aprecio e afecto por Waldo.

Sinala que o que debe falar é o alcalde polo pacto de goberno PSOE-PP que fixo; o certo é que os cidadáns puxeron hai dous anos un goberno de esquerdas no concello e ese goberno de esquerdas foi en minoría, e se fixeron negociacións que non deron froitos; a xente elixiu que gobernase en minoría o PSOE, non o BNG; dicir que este pacto xa era coñecido polo pobo, que o único voceiro do PP foi defenestrado e o grupo municipal do PP votou a favor de todos os asuntos que presentaba o goberno, moitas veces sen fundamentar o seu voto, eles saberán; engade que poñer a un concelleiro do PP responsable de economía é un pacto e os poucos do PP que quedan en Brión non cremos que estean de acordo, e agardamos explicacións do alcalde sobre todo de cara a veciñanza porque merecen un respecto.

Nós votaremos non por saúde política, por ética, e por estética.

A Sr^a. Concelleira Cebal Gómez sinala que quero deixar claro que é unha asignación de funcións, tratase dunha dedicación parcial, non é pacto de goberno, é un pacto para a estabilidade en beneficio dos veciños, o PP nin está nin estará no goberno, a xente dixo que gobernásenos en minoría e para poder levar a cabo cousas importantes para os veciños faise esa delegación, nós buscamos o mellor para os nosos veciños, non para o PSOE.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que un acordo que da estabilidade ao goberno é un pacto de goberno; non hai ningún tema que non se levara a cabo por inestabilidade, nunca deixouse de aprobar nada; se Waldo ven para traer os orzamentos en tempo e forma benvido entón; o que non se pode dicir é que non é a incorporación ao grupo de goberno.

O Sr. Concelleiro Carballo García sinala que o que buscamos é a estabilidade polo ben dos veciños, só nos proxectos fundamentais; agora mesmo non hai alternativa e quedan dous anos de mandato; vostede ao mellor pensou tamén máis na Deputación que como alcalde, vémolo como unha etapa nova positiva para o PP de Brión, e de aquí ao final imos apoiar todo o que beneficie aos veciños e que se executen, e pido que vostede tamén faga na Deputación por Brión, que por iso será recordado.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que vostedes pactaron en Brión, pero creo que non a nivel provincial; eu podía ser alcalde e deputado provincial como son a maioría dos deputados provinciais. A veciñanza non quixo que nós gobernásenos e nós nunca pactaremos co PP, nós nunca seremos alcalde por un pacto co PP, e isto o digo tanto a nivel persoal como da agrupación de Brión.

O Sr. Alcalde sinala que o dixeran moitas veces aquí, queremos sacar o máximo de proxectos para os veciños, o PP sempre votou a favor e con isto o único que facemos é garantir ese voto para os proxectos importantes para os veciños, non levamos tanto as siglas no corazón como poden ter vostedes, senón aos veciños, creo que é un acordo beneficioso para todos, segundo vostedes facemos todo mal e así por exemplo o ano pasado por primeira vez se fixo unha negociación para os orzamentos e logo votaron vostedes en contra, e remata sinalando que só pretendemos facer os proxectos que temos na mesa polos veciños.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 9, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (6) e PP (3).

Votos en contra: 3, pertencentes ao grupo municipal do BNG (3).

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

8º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS: CRÉDITO EXTRAORDINARIO 2/2025.

Dada conta da proposta da alcaldía do 11.06.2025, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas (Permanente de Facenda) en sesión do 17.06.2025, que transcrita di:

Visto que o artigo 177 do RD lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLFL), así como os artigos 35 e 36 do RD 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do Título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais, en materia de orzamentos,

permiten a incoación dun expediente de crédito extraordinario para a realización dun gasto que non poida demorarse ata o exercicio seguinte e para o cal non exista crédito no orzamento, podéndose financiar con cargo ao remanente líquido de tesourería.

Dado que todos os gastos aos que se refire este crédito extraordinario se considera que son de inescusable realización antes de finalizar o exercicio.

Dado que non existe crédito no vixente orzamento da Corporación, e considerando que se dispón dalgúns dos medios de financiamento previstos na lexislación de facendas locais.

Visto o expediente tramitado, e previo informe da Intervención municipal, propónse ao Pleno da Corporación, a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar a modificación de crédito número 08/2025 do orzamento municipal para o exercicio 2025, crédito extraordinario nº 02/2025, de acordo co seguinte detalle:

Altas en aplicacións de gastos

Obxecto	Importe	Programa	Concepto
Instalación de luminarias en a senda de O Cabo	34.111,05	165	60900
Proposta de remate FR 20842	26.906,58	334	60000
Poste de formigón en Ralo	2.033,04	165	62900
Subministro de soplador para parques e xardíns	900,00	171	62300
Convenios de colaboración concellos para policía	20.000,00	943	46200
Achega municipal Campo de Bastavales	187.917,36	342	62200
Auditoría de accesibilidade web	7.018,00	920	22799
Festa da comida dos maiores	29.300,00	231	22799
Achega ao Concello de Rois vial Codesido a Sabaxáns	43.985,32	943	76200
Plataforma para a xestión, mantemento e pagos da biblioteca municipal	943,80	332	22799
Plataforma para a xestión, mantemento e pagos do pavillón municipal	943,80	342	22799
Obra de mellora da eficiencia enerxética da escola de música	41.115,52	334	63200
Instalación de grupo de presión en Coruxido	8.745,88	161	62300
Instalación de equipamento técnico actividades de teatro	10.000,00	334	62300

Mural na honra de Vizoso na fachada da escola de música	6.000,00	334	22799
TOTAL	419.920,35		

Altas en aplicacións de ingresos

Económica	Denominación	Importe
87000	Remanente de Tesourería para gastos xerais	419.920,35 €

2º) Aprobar a modificación do Anexo de Investimentos do orzamento 2025, incorporando as alteracións que resultan desta modificación de créditos.

3º) Expoñer o expediente de modificación de crédito ao público por un período de 15 días hábiles, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co artigo 169 do Texto refundido da Lei de facendas locais, para que os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións. No caso de que non se presentasen alegacións, a modificación entenderase definitivamente aprobada, publicándose, resumida por capítulos, no BOP e no taboleiro de anuncios do concello.

Debate:

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que entendemos que son unha previsión e son partidas non orzamentadas, ímonos abster.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 9, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (6) e PP (3).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 3, pertencentes ao grupo municipal do BNG (3).

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

9º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS: SUPLEMENTO DE CRÉDITO 1/2025.

Dada conta da proposta da alcaldía do 11.06.2025, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas (Permanente de Facenda) en sesión do 17.06.2025, que transcrita di:

Visto que o artigo 177 do RD lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLFL), así como os artigos 35 e 36 do RD 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do Título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais, en materia de orzamentos, permiten a incoación dun expediente de suplemento de crédito para a realización dun gasto que non poida demorarse ata o exercicio seguinte e para o cal exista crédito no orzamento pero non sexa suficiente, podéndose financiar con cargo ao remanente líquido de tesourería.

Dado que todos os gastos aos que se refire este suplemento de crédito se considera que son de inescusable realización antes de finalizar o exercicio.

Dado que o crédito no vixente orzamento da Corporación non é suficiente, e considerando que se dispón dalgúns dos medios de financiamento previstos na lexislación de facendas locais.

Visto o expediente tramitado, e previo informe da Intervención municipal, propónse ao Pleno da Corporación, a adopción do seguinte acordo:

1º) Incrementar a cantidade global de gratificacións extraordinarias destinadas á policía local en 12.000 €, ata acadar o importe global de 14.672,37 €.

2º) Aprobar a modificación de crédito número 10/2025 do orzamento municipal para o exercicio 2025, suplemento de crédito nº 01/2025, de acordo co seguinte detalle:

Altas en aplicacións de gastos

Obxecto	Importe	Programa	Concepto
Achega municipal á obra de acondicionamento da AC543	815.317,84	1532	61901
Achega municipal á obra de ampliación do pavillón	390.346,08	933	62200
Achega municipal ao servizo de auditoría de abastecemento de auga para detectar perdas	2.628,79	161	62700
Gratificacións extraordinarias para a policía local	12.000,00	132	15100
Abastecemento de auga	200.000,00	161	22723
Servizo de transporte ao centro médico	20.000,00	312	22300
Servizo de mantemento do campo de fútbol de Luaña	20.000,00	342	21000
Achega municipal a obra de mellora de camiños rurais	12.806,86	454	61900
Achega municipal a obra de corrección de impactos paisaxísticos (mellora de lavadoiro)	16.947,36	334	61900
Retribucións de cargos electos	3.600,00	912	10000
Seguridade social dos cargos electos	1.260,00	912	16000
Transferencia para a mancomunidade do Barbanza	257.500,00	1621	46301
Actividades deportivas	7.000,00	341	22799
Festexos populares	60.000,00	338	22799
Actividades de turismo	4.000,00	432	22799
TOTAL	1.823.406,93		

Altas en aplicacións de ingresos

Económica	Denominación	Importe
87000	Remanente de Tesourería para gastos xerais	1.823.406,93 €

3º) Aprobar a modificación do Anexo de Investimentos do orzamento 2025, incorporando as alteracións que resultan desta modificación de créditos.

4º) Expoñer o expediente de modificación de crédito ao público por un período de 15 días hábiles, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co artigo 169 do Texto refundido da Lei de facendas locais, para que os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións. No caso de que non se presentasen alegacións, a modificación entenderase definitivamente aprobada, publicándose, resumida por capítulos, no BOP e no taboleiro de anuncios do concello.

Debate:

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que non estamos en absoluto de acordo, ao menos en partidas, porque se está a substituír a elaboración do orzamento.

Hai algúns gastos, como o da estrada AC-543 e o pavillón que son necesarios, e por iso ímonos abster.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 9, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (6) e PP (3).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 3, pertencentes ao grupo municipal do BNG (3).

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

10º) MOCIÓN.

Non se presentou ningunha.

11º) ROGOS E PREGUNTAS.

11.1. Rogos e preguntas presentados por escrito polo grupo municipal do BNG:

1. SOBRE AS FUTURAS REFORMAS NO IES BRIÓN.

No último pleno tróuxose ata aquí, pola vía rápida e sen comunicacións aos grupos, como ven sendo habitual, un “protocolo” de actuación entre a Xunta de Galiza e o Concello para actuacións no IES de Brión.

O certo é que as posibles actuacións ou plans para actuar non foron consensuadas coa comunidade educativa coa finalidade de obter un consenso máis que necesario e dende logo coa intención de escoitar todas as voces, sobre todo as máis involucradas, pais e nais, e comunidade formativa e educativa. Así se fixo constar en algún escrito que sabemos se remitiu ao concello.

Asuntos que de estar formado o consello escolar municipal que o goberno sospeitosamente se nega a crear dende hai anos malia a insistencia deste grupo municipal, estaría bastante máis clarificado ou simplemente tería unha trazabilidade que agora mesmo non ten.

A pregunta é clara, vaise reunir para explicar o detalle polo miúdo das actuacións coa comunidade educativa? En que van consistir estas actuacións? E sempre necesario que se teñan que informar os interesados en todos os problemas deste concello pola prensa?

A Sr^a. Concelleira Cebal Gómez sinala que en primeiro lugar, permítame aclararlle que o convenio que se asinou o pasado 20 de maio no IES de Brión nace dunha reunión que o noso alcalde tivo en outubro de 2024 co conselleiro de Educación para impulsar melloras no instituto e no CEIP de Pedrouzos. Este convenio recolle mellora nas dúas infraestruturas educativas con maior número de alumnos e alumnas en Brión.

Pregunta vostede pola comunidade educativa. Permítame dicirlle que este Concello está en permanente contacto coa comunidade educativa de Brión para escoitar as súas necesidades e tratar de buscarlle a mellor resposta posible, e como exemplo volvo remitirme a esa reunión do mes de outubro na que o noso alcalde, ademais de trasladarlle ao conselleiro as necesidades de mellora nos edificios que tanto este grupo, como as familias e ata os grupos da oposición teñen trasladado neste pleno.

Pero, a maiores, o noso alcalde tamén lle trasladou ao conselleiro as demandas de recursos humanos no CEIP de Pedrouzos, é dicir, levamos directamente ao conselleiro as demandas da comunidade educativa de Brión.

Sobre en que van consistir as actuacións:

No IES de Brión, o concello comprométese a redactar o proxecto de cubrición dos laterais do patio cuberto, así como a executar as obras. A xunta facilitará o uso compartido dese patio por parte deste concello fóra do horario lectivo. Deste xeito, sumaremos un novo espazo deportivo cuberto a disposición da veciñanza. No CEIP de Pedrouzos, a xunta redactará e executará as obras de rehabilitación e ampliación do colexio. Estamos falando dunha mellora integral das instalacións: novas fiestras, novo sistema de calefacción, canalizacións ... A maior remodelación deste colexio dende a súa creación hai máis de 50 anos.

A maiores, a xunta desafectará do uso educativo unha franxa de terreo de 200 metros cadrados. Alí, o concello construírá unha dársena de autobuses para mellorar a entrada e saída do alumnado do colexio e do instituto. Ademais, a dársena irá baixo unha pérgola para que os nenos e nenas non se mollen. Unha pérgola que é continuación doutra que xa coñecen, a que vai dende o polideportivo e a nova ampliación ata os centros educativos.

E non, non se van ter que informar os interesados pola prensa. Cando o proxecto estea redactado informarase debidamente á comunidade educativa. Ademais, teño que dicirlle que a sinatura do convenio contou coa presenza das direccións de ambos centros, ademais de gran parte do equipo directivo e profesorado do instituto, que incluso aproveitaron para falar co conselleiro sobre as necesidades que detectaran.

A Sr^a. Concelleira Andrade Carrillo sinala que eu só preguntei polo IES, no facía falta adornalo tanto.

A Sr^a. Concelleira Cebal Gómez sinala que mal interpretamos a pregunta, e que o escrito está no concello no departamento de urbanismo.

O Sr. Alcalde sinala que é un convenio concello-consellería, se redactará o proxecto de como se vai pechar o pavillón e cando o teñamos se lles explicará, será para os veciños de Brión e fora do horario lectivo, non hai máis nada que dicir.

A Srª. Concelleira Andrade Carrillo sinala que eu só quero saber se se lles contestou ou non ao escrito presentado no concello.

Responde o Sr. Alcalde que estamos a tempo de contestar.

O Sr. Concelleiro Souto Castiñeira sinala que eu propoño que se fale cos interesados antes de facer o proxecto.

2. SOBRE AS OBRAS NA ESTRADA AC-543 AVDA NOIA.

Xa van varias as veces que preguntamos por este tema neste salón plenario pero a actualidade obriga de novo a traer este asunto.

Os problemas de seguridade na estrada dende a gasoleira ata a rotonda dos Ánxeles son cada día máis evidentes: queixas da veciñanza, queixas dos condutores, risco de accidentes, etc. A todo isto hai que engadir que a medida que evolucionan as obras engádense elementos que complican máis a seguridade: ensanche das beirarrúas sen a sinalización oportuna, estreitamento dos pasos sen sinalización oportuna, por non falar do acceso directo dende a AC-543 ata a urbanización Montebalado convertido directamente nunha sorte de saltos de fochancas onde máis dun vehículo xa deixou as rodas. As queixas son continuas e diarias.

Solicitamos se inste á empresa responsable a que solucione dun xeito urxente todas as problemáticas, e son moitas, tal e como se comprometeu o goberno municipal todas as veces que preguntamos por esta obra. E se non o soluciona a empresa que o solucione o concello ou que tome as medidas que legalmente sexan posibles.

A Srª. Concelleira Cebal Gómez sinala que tomamos nota, pero reiterámonos no dito tamén neste salón de plenos. Estamos ante a humanización e renovación do sistema de saneamento dunha das zonas máis poboadas e transitadas do municipio. A obra máis importante que se fixo na parroquia dos Ánxeles na súa historia, e se todas as obras xeran molestias, absolutamente todas, imaxínense unhas deste calado, e asegúrolles que optouse pola opción menos prexudicial para a veciñanza.

Porque o máis doado sería cortar o paso nos distintos tramos segundo se vai executando a obra, e iso si que sería un verdadeiro problema.

Que hai que agardar a que o semáforo de obra se poña en verde aínda que non pase ningún coche de fronte? pois si, hai que agardar.

E sobre o tramo entre a gasoleira e a rotonda dos Ánxeles a estrada está en perfectas condicións, o que está deteriorado é a zona de aparcamento pero, como comprenderá, non imos asfaltar unha zona que dentro dunhas semanas imos ter que picar para renovar o saneamento.

3. SOBRE O ASFALTADO REITERATIVO DALGUNHAS ZONAS DO CONCELLO.

Entendemos que o goberno municipal tamén ten que traballar coa perspectiva electoral, pero descoñecemos que criterios se utilizan para o asfaltado de determinadas zonas do concello (que non era necesarias de todo) e pola contra seguen a existir zonas sobre todo nas parroquias máis rurais onde as máquinas de asfaltar non pasaron nunca.

Hai algún plan de asfaltado e arranxo de camiños? Cales son os criterios que se seguen para determinar os traballos? Podemos a oposición saber cales son as actuacións prioritarias para a área de vías e obras?

A Sr^a. Concelleira Cebral Gómez sinala que si, este concello ten un protocolo de actuación e levamos moito tempo aplicándoo, como ben saben porque xa o temos contestado noutras ocasións. En primeiro lugar, analizamos as necesidades, que son moitas, nas distintas parroquias. En todas e cada unha das parroquias, porque iso de que hai parroquias onde as máquinas de asfaltar non pasaron nunca non o cren nin vostedes porque saben que non é certo; e aquí temos en conta as propostas que nos fan chegar nos Plenos e tamén as peticións que nos fan chegar os veciños e veciñas.

Despois vemos os cartos dos que dispoñemos e que obras podemos incluír nos distintos plans de axudas, ben no POS da deputación, ben no Plan de melloras dos accesos a parcelas rurais da xunta ou calquera outro que poida xurdir, e unha vez repartidos eses cartos, facemos tamén moitas actuacións con cartos propios. Gustaríanos facer moito máis, pero os cartos son os que son e dan para o que dan, e para rematar, permítame un par de puntualizacións:

Polo encabezado da súa pregunta: Non, non se está a facer un asfaltado reiterativo dalgunhas zonas do concello. Xa lle explicou o alcalde que o que se fixo estes días nas urbanizacións e en varias pistas de Brión foi o arranxo dunhas obras de hai un par de anos e que non foron ben executadas, o concello detectou eses erros e contactou coa empresa para que procedera ao seu arranxo, e iso é o que pasou aglomerouse de novo sen ningún custe para o concello, repítollo, a empresa das obras asumiu o custe destas reparacións, o concello non gastou nin un euro nestes reasfaltados.

O Sr. Alcalde explica que levamos dous anos e medio pelexando coa empresa para arranxar iso, e agora se está a facer ben, porque o aglomerado era malo.

4. SOBRE O IMPAGO DE CANTIDADES DEBIDAS AOS TRABALLADORES DO GES BRIÓN.

Esta semana, pola prensa, soubemos da sentenza que obriga ao concello ao pago de cantidades debidas aos traballadores do GES en materia de horas extras.

Dende este grupo queremos saber a canto ascende a factura polos gastos xurídicos neste tema exclusivo, cantos cartos públicos se gastaron, cal é a intención do goberno municipal despois da sentenza, e se é certo que o goberno se está a demorar na liquidación do resolto en dita sentenza.

Noutra ocasión deberemos falar e coñecer dende a oposición como se está a desenvolver a xestión do GES, actuacións, custes, etc e diversos aspectos que posiblemente nos levaron a actual situación.

A Sr^a. Concelleira Cebral Gómez sinala que en primeiro lugar, gustaríame recalcar que esta sentenza non é firme, polo tanto, é recorrible, e podo confirmarlles que o concello vaina recorrer.

Tamén dicirlles que a sentenza é só unha estimación parcial das reclamacións dos traballadores do GES de Brión, que inicialmente demandaban máis de 789.000 euros nuns complementos aos que entendían que tiñan dereito durante os anos 2018, 2019 e 2020. A cantidade estimada é moi inferior á reclamación dos traballadores, sendo esta de 166.000,00 euros, o que supón aproximadamente un 20-21% do reclamado.

O xulgado desestimou todas as súas peticións: como pasar ao grupo profesional 4 ou percibir distintos desestimos aos que entendían que tiñan dereito. De feito, só se estimou en parte dúas das súas peticións, que son as que van ser recorridas por este concello.

Como viron na prensa, a primeira é polo horario de verán, onde reclaman ao seu entender que fan máis horas que outros traballadores, xa que o horario de verán do Concello de Brión non é unha xornada reducida, é unha xornada adaptada. Isto quere dicir que os traballadores municipais saen 1 hora antes no verán, pero recuperan ese tempo saíndo ás 3 e cuarto da tarde, en vez de ás 3, durante o inverno.

E a segunda cuestión que imos recorrer é o das horas extras que alegan os traballadores, neste caso, consideramos que as horas non están xustificadas en moitos casos pero, sobre todo, porque un traballador municipal non pode decidir pola súa conta facer horas extras. As horas extras teñen que estar solicitadas, autorizadas e asinadas previamente, e neste caso non é así.

Por todo o dito, agardamos que a sentenza firme sexa favorable ao concello, como xa pasou con outra anterior na que nos reclamaban outros 121.000 euros de indemnización cando se levou a cabo o proceso de estabilización laboral, nesta ocasión, xa o xulgado nos deu a razón dende o primeiro momento.

E sobre a empresa que presta os seus servizos xurídicos ao concello en materia de persoal, evidentemente non fai factura por servizo, senón que cobra 1.235,00 euros + IVE ao mes, e quero destacar este feito para desmentir esas calumnias vertidas por un sindicato nos medios de comunicación e das que vostedes se fan eco de que se demora o pago como represalia aos traballadores ou para aumentar os gastos xurídicos a unha empresa. A empresa cobra o mesmo recorramos ou non e represalia, ningunha, simplemente cumprimos coa nosa obriga de gastar os cartos públicos no que hai que gastar.

E por último, quero tamén deixar claro que defendemos a profesionalidade das persoas que integran o GES de Brión e poñemos en valor o traballo que desempeñan, ao igual que o resto de traballadores municipais. Dito isto, eles defenden os seus intereses, que son moi loables, e nós temos que defender os intereses do concello e de toda a veciñanza de Brión, iso é o que fixemos, facemos e seguiremos facendo.

5. SOBRE O VERTEDOIRO EN VILA AMALIA.

Xa preguntamos tamén en anteriores plenos, pero a cousa foi a peor, lonxe de ser minorada. No vertedoiro incontrolado apareceron nas últimas semanas novos depósitos de residuos segundo denuncias da propia veciñanza, a real, non a dos perfís falsos que non saben nin onde está Vila Amalia ou teñen problemas de visibilidade. Nos residuos apareceren inodoros, lavabos e por outra parte gran cantidade de caldeiros de pintura. O tamaño e a tipoloxía deste tipo de residuos faínos pensar que proceden dunha empresa, empresa que debería ter un xestor de residuos autorizado.

Ten o concello coñecemento deste tipo de vertidos? Fíxose a correspondente denuncia contra a empresa en cuestión?

A Sr^a. Concelleira Cebral Gómez sinala que reitérolle o que xa se lle comentou no pleno anterior. Cada vez que se nos comunica ou que detectamos un vertido de lixo, procedemos á súa retirada e o traemos ao depósito que temos na parcela de Villa Amalia, onde facemos acopio do material ata a súa entrega a un xestor autorizado. Esa entrega non se fai todos os días, é unha retirada periódica, dependendo da cantidade e do material recollido. Por iso, unhas veces hai máis material e outras veces hai menos. Sei que non lles gusta, pero é un sistema que funciona.

Ademais, contamos cun punto de recollida de plásticos agrícolas, dous servizos de recollida selectiva e un punto limpo móbil. E tamén temos un sistema de alertas a través da plataforma

emerxia.gal/brion, onde calquera veciño ou veciña, e tamén os inclúo a vostedes e ao seu partido, pode informar en tempo real dun vertido de lixo para a súa eliminación. Igual que o suben ás redes sociais, ao mellor sería máis produtivo se informaran ao concello.

E sobre ese vertido en concreto sobre o que pregunta, convídoos a dicir aquí o nome da empresa á que ternos que denunciar segundo vostedes. Porque é moi fácil facer suposicións e lanzar hipóteses, pero o concello só pode actuar cando hai probas.

O Sr. Alcalde sinala que o acceso está prohibido, pechouse, pero hai persoas que o estragan porque pensan que alí hai chatarra.

6. SOBRE OS ORZAMENTOS.

Neste concello somos moito de tradición, algunhas non de todo positivas, unha delas é o retardo permanente na presentación dos orzamentos como elemento de xestión necesaria dun concello normal.

Estamos na metade do ano 2025 e aínda non temos nin data, nin borrador, nin comunicación algunha sobre as intencións de presentar as contas deste ano. Sabemos que todos os anos temos algunha escusa para “argumentar”, este ano teremos algunha máis posiblemente diferente. En todo caso, supoñemos que non será o medo a non ser aprobados pois o semi - pacto PP - Psoe farao posible, polo que solicitamos se nos comunique oficialmente cal é a intención do goberno ou cogoberno respecto aos orzamentos do 2025.

A Sr^a. Concelleira Cebal Gómez sinala que despois da aprobación das modificacións orzamentarias realizadas hoxe, pode confirmarlles que irnos prorrogar os orzamentos de 2024. Iso é así porque, tras consultar a Intervención municipal, comprobamos que os gastos a afrontar son practicamente idénticos aos de 2024. Se a iso lle engadimos que non hai uns orzamentos do Goberno de España, entendemos que o documento sería practicamente igual ao que xa temos. Polo tanto, a nosa intención é seguir as recomendacións dos técnicos e prorrogar o orzamento en vigor. Deste xeito, poderán comezar a traballar nos orzamentos de 2026, que eses si que serán diferentes porque, entre outras cousas, haberá que recoller as bonificacións do préstamo do IDAE para o cambio do alumado público en todo o municipio e actualizar a ordenanza municipal da recollida do lixo, para adaptarmos á lexislación vixente e cumprir coa débeda que todos os concellos temos coa Mancomunidade Serra do Barbanza.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala temos estabilidade pero non temos orzamento.

O Sr. Alcalde sinala que se España leva dous anos sen orzamentos, Brión pode estar un ano.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que poden facerse os orzamentos para que os veciños podan estudalos, agora a maioría está asegurada e é unha decisión política, non técnica.

O Sr. Alcalde remata sinalando que é a nosa decisión e entendemos que é a mellor solución.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as catorce horas e vinte e dous minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González